

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 5**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 24 de ABRIL de 2006, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

1.- Acta anterior. (Sesión 27.02.06)

#### **ALCALDIA**

2.- Proposta de cambio de representante do Grupo municipal Socialista no organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios.

3.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 30.03.06 pola que se nomea novo presidente da comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico.

4.- Dar conta de escrito do voceiro do Grupo Popular de data 24.03.06 polo que comunica novos representantes do devandito grupo na comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico.

#### **XESTIÓN MUNICIPAL**

5.-- Dar conta da alta no Inventario municipal de bens e dereitos das parcelas 57 e 59 da Avda. de Beiramar. Expte. 17678/240.

6.- Proxecto do Regulamento do servizo e réxime de uso de aparcadoiros subterráneos públicos de vehículos na cidade de Vigo. Aprobación inicial. Expte. 72152/210.

7.- Modificación orzamentaria (crédito extraordinario) núm. 34/2006, para distintas necesidades e dar cobertura a gastos comprometidos de carácter plurianual.

#### **ASUNTOS SOCIAIS**

8.- Dar conta da solicitude de subvención á vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a prestación de servizos sociais ó abeiro da orde do 08.03.06. Expte. 13527/301.

9.- Dar conta de solicitude de subvención para axudas destinadas á prestación de servizos sociais (Casa de Acollida) ó abeiro da orde 08.03.06. Expte. 2378/224.

#### **MOCIÓNS**

10.- Acordo da Xunta de Voceiros relativo á composición da Comisión informativa especial para a proposta e seguimento das actuacións a realizar no estadio municipal de Balaídos.

- 11.- Moción do Grupo municipal do PG instando a procura dun lugar para a reinstalación do grupo escultórico de Xoan Piñeiro.
- 12.- Moción do Grupo municipal do PG instando se realicen xestións para que a Deputación Provincial asuma o arranxo de diversas rúas.
- 13.- Moción do Grupo municipal do PG relativa ó monolito das Illas Cíes.
- 14.- Moción do Grupo municipal do BNG relativa ó cumprimento do contrato de recollida de RSU diferenciando orgánicos.
- 15.- Moción do Grupo municipal do BNG instando a redacción dun proxecto para acondicionamento dun "paseo verde" nas dúas marxes do vía de acceso á Universidade.
- 16.- Moción do Grupo municipal do PsdeG-PSOE instando a elaboración dun código do bó Goberno Local.
- 17.- Rogos e preguntas.

**URXENTES:**

- A.- Moción do Grupo Municipal Socialista sobre estado no que se atopa a Escola municipal de Artes e Oficios.
- B.- Moción do Grupo Municipal do BNG solicitando a incoación de expediente de modificación de créditos (Plan barrios e parroquias)

**DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día VINTECATRO DE ABRIL para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

Vigo, 20 de abril de 2006

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.